

Aclaracións á proba da materia

FUNDAMENTOS DA ARTE II

ano 2021

A proba correspondente ó ano 2020 víuse alterada atendendo o establecido no DOG do seis de maio do 2020 (Resolución do 28 de abril de 2020 que modifica a do 26 de febreiro 2020).

No punto 4 apartado e) de dita Resolución establécese o seguinte:

“En cada proba, o alumnado disporá dunha única proposta de exame con varias preguntas.

Na elaboración da proba terase en conta que o número de preguntas que deba desenvolver o alumno ou alumna se adapte ao tempo máximo de realización da proba, incluíndo o tempo de lectura desta.

O alumno ou alumna terá que responder, á súa elección, a un número de preguntas determinado previamente. O citado número de preguntas fixarase de forma que permita a todos os alumnos alcanzar a máxima puntuación na proba, con independencia das circunstancias en que este puider ter acceso ao ensino e á aprendizaxe durante a suspensión da actividade lectiva presencial. Para realizar o número máximo de preguntas fixado, todas as preguntas deberán ser susceptibles de seren elixidas.”

O Grupo de Traballo de Fundamentos da Arte plantexou un tipo de exame onde todas as preguntas podían ser susceptibles de ser elixidas polo o alumno ou alumna de xeito que debían responder a catro cuestión das oito propostas.

A intención da proba foi e é manter, no posible, o plantexamento inicial que non era e é outro que **facer fincapé nun coñecemento global é xeral da materia onde o alumnado poida demostrar tanto os seus coñecementos coma as súas ideas e reflexións sobre a arte.**

Os resultados da proba modificada do 2020 foron bos, pero nalgúns casos as respostas as cuestións 3, 4, 7 e 8 só atendían a una descripción dos elementos que compoñían a obra, sin facer ningún tipo de análise dela.

Por este motivo cremos necesario facer una pequena variación nos enunciados destas cuestións para a proba do próximo ano 2021.

Esta variación consiste en que o alumno/a, na medida do posible, deberá responder facendo unha análise da obra tendo en conta os seus coñecementos da época, do autor e da obra e facendo una reflexión persoal, actuando coma espectador, de xeito que semelle un comentario a unha persoa que ó acompañe a ver dita obra nun museo.

As obras propostas seguirán sendo susceptibles de ser comparadas entre si, polo que deste xeito poden citalas para facer calquer tipo de comentario en calquera das cuestións. O obxectivo fundamental da proba é que o alumno/a poida reflexar nela os seus coñecementos e as súas reflexións sobre a arte.